

Que é o punto laranxa?



O Punto Laranxa é unha medida impulsada desde a Xunta de Galicia co obxectivo de erradicar o acoso e o ciberacoso nos centros educativos, grazas á colaboración de alumnado, docentes, familiares e outras persoas próximas á comunidade educativa. O anonimato constitúe un refuxio seguro á hora de denunciar, facilitando así o logro dun cambio entre todos e todas.

PUNTO LARANXA

AXÚDANOS A ROMPER CO ACOSO E O CIBERACOSO ESCOLAR



Como funciona?

Se o estás a sufrir ou coñeces algún posible caso de acoso ou ciberacoso, axúdanos a paralo!

- 1 Escribe de maneira anónima a túa mensaxe nun lugar onde te sintas seguro/a
- 2 Localiza o Punto Laranxa no teu centro
- 3 Deposita na caixa do Punto Laranxa a túa mensaxe (esta caixa só pode ser aberta polo equipo docente encargado de loitar contra o acoso escolar no teu centro)

Lembra que tamén podes achegar a túa mensaxe a través do Punto Laranxa virtual na páxina web do teu centro.



PUNTO LARANXA

AXÚDANOS A ROMPER CO ACOSO E O CIBERACOSO ESCOLAR

